



ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN EDUCATIVA ENTRE A UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA E FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEGAMP) PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES OU EXTRACURRICULARES DO ALUMNADO DE TODAS AS TITULACIÓNS OFICIAIS DE GRAO E MÁSTER UNIVERSITARIO IMPARTIDAS NA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

En Santiago de Compostela,

REUNIDOS

Dunha parte, D. Antonio López Díaz, reitor magnífico da **Universidade de Santiago de Compostela**, que actúa en nome e representación dela en virtude do Decreto 35/2022, do 17 de marzo, publicado no Diario Oficial de Galicia nº 56, de 22 de marzo de 2022, do seu nomeamento, e polas facultades conferidas pola Lei Orgánica 2/2023, de 22 de marzo, do Sistema Universitario e o Decreto 14/2014, de 30 de xaneiro, polo que se aproban os Estatutos da Universidade de Santiago de Compostela.

Da outra D. Alberto Varela Paz, na súa condición de Presidente da **FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (en adiante FEGAMP)**, con CIF: V15160963 e sede na rúa Varsovia, 4C, 6º andar, 15.707 Santiago de Compostela (A Coruña) no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro, letra d) dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola asemblea xeral ordinaria do 4 de decembro de 2023) e en virtude do seu nomeamento pola asemblea xeral do 15 de novembro de 2023.

Todas as partes recoñécense plena capacidade e lexitimación abonda para a formalización do presente convenio e, para estes efectos,

EXPOÑEN

PRIMEIRO. Con data 2 decembro do 2021, asinouse o convenio de colaboración educativa entre a FEGAMP e a Universidade de Santiago de Compostela (USC) no que se establecen a forma e condicións de cooperación entre as partes para a realización de prácticas externas dos estudos oficiais de grao e máster universitario nas entidades locais asociadas á FEGAMP.

SEGUNDO. O Real Decreto-lei 2/2023, do 16 de marzo, de medidas urxentes para a ampliación de dereitos dos pensionistas, a redución da brecha de xénero e o establecemento dun novo marco de sustentabilidade do sistema público de pensións, veu a engadir unha nova disposición adicional quincuaxésima segunda no texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, na que se regula a inclusión no sistema de Seguridade Social de alumnos que realicen prácticas formativas ou prácticas académicas externas incluídas en programas de formación.

Segundo esta disposición, a realización de prácticas formativas en empresas, institucións ou entidades incluídas en programas de formación, e a realización de prácticas académicas externas ao amparo da respectiva regulación legal e regulamentaria, determinará a inclusión no sistema da



Seguridade Social das persoas que as realicen, nos termos desta disposición adicional. Estas prácticas comprenden, entre outras, as realizadas por alumnos universitarios e dirixidas á obtención de titulacións oficiais de grao e máster, doutoramento, así como as dirixidas á obtención dun título propio da universidade, xa sexa un máster de formación permanente, un diploma de especialización ou un diploma de experto.

A citada disposición sinala tamén que as persoas que realicen estas prácticas quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores/as por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social, e que o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá, no caso das prácticas formativas remuneradas, á entidade ou organismo que financie o programa de formación, e no caso das prácticas formativas non remuneradas, á empresa, institución ou entidade na que se desenvolvan aquelas, salvo que no convenio ou acordo de cooperación que, no seu caso, se subscriba para a súa realización, se dispoña que tales obrigas corresponderán ao centro de formación responsable da oferta formativa.

Segundo se establece no Real Decreto 5/2023, do 28 de xuño, que modifica o Real Decreto Lei 2/2023, do 16 de marzo, as previsións sinaladas entrarán en vigor desde o 1 de xaneiro de 2024.

A Resolución Reitoral do 12 de setembro de 2023 pola que se establece o réxime de inclusión na Seguridade Social e cotización do alumnado da Universidade de Santiago de Compostela recolle no seu apartado primeiro que será a Universidade a que asuma as obrigas derivadas da inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas académicas externas curriculares e extracurriculares non remuneradas (incluídas as conducentes á elaboración de TFG e TFM). Así mesmo, establece que a petición das empresas ou entidades colaboradoras poderase formalizar unha addenda aos convenios nos que figure este compromiso por parte da Universidade.

Por este motivo cómpre proceder á addenda do convenio formalizado no seu día, aos efectos de clarificar as obrigas que corresponden ás partes asinantes en materia de Seguridade Social.

A vista do anterior, as partes

ACORDAN

PRIMEIRO.– Suprimir no convenio asinado en data 2 de decembro do 2021 os apartados 4 e 5 da cláusula Oitava.

SEGUNDO.–Engadir ao devandito convenio unha cláusula **Oitava bis** coa redacción que se indica a continuación:

Oitava bis.- Inclusión no sistema da Seguridade Social do alumnado que realice prácticas externas baixo a aplicación do presente convenio

1. A realización de prácticas externas ao amparo do presente convenio determinará a inclusión no sistema da Seguridade Social das persoas que as realicen, que quedarán comprendidas como asimiladas a traballadores/as por conta allea no Réxime Xeral da Seguridade Social.

2. No caso das prácticas non remuneradas o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá á Universidade de Santiago de Compostela (USC), que asumirá a condición de empresario e deberá comunicar os días efectivos de prácticas a partir da información que lle facilite a FEGAMP.

3. A cotización á Seguridade Social axustarase ao establecido na disposición adicional quincuaxésima segunda do texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, aprobado polo Real Decreto Legislativo 8/2015, do 30 de outubro, para o caso de prácticas formativas non remuneradas.

4. A **Universidade de Santiago de Compostela (USC)** garantirá o cumprimento do establecido nesta cláusula para cada un dos alumnos/as que, en base a este convenio, sexan autorizados pola FEGAMP para a realización de prácticas nas súas instalacións.

5. No caso das prácticas remuneradas, o cumprimento das obrigas de Seguridade Social corresponderá á entidade ou organismo que financie o programa de formación, que asumirá a estes efectos a condición de empresario.

6. Esta cláusula será de aplicación para todo o alumnado que realice prácticas externas ao amparo deste convenio a partir do 1 de xaneiro de 2024.



TERCEIRO. O resto de cláusulas incluídas no convenio permanecen inalteradas.

En proba de conformidade, ambas partes asinan o presente convenio no lugar e data da última sinatura dixital.

<p>POLA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA</p> <p>Por delegación do Sr. Reitor (RR do 21-04-2022 DOG do 26-04-2022) O Vicerreitor de Organización Académica e do Campus de Lugo,</p>	<p>POLA FEDERACIÓN GALEGA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS</p> <p>O presidente,</p>
<p>Don Francisco José Fraga López</p>	<p>Don Alberto Varela Paz</p>